

O recoñecemento oficial das competencias profesionais adquiridas ao longo da vida: aspectos básicos

José Raposeiras Correa
Equipo de Orientación Específico de Pontevedra

INTRODUCCIÓN

A avaliación e acreditación da competencia profesional, adquirida a través da **experiencia laboral ou de vías non formais de formación** relacionada coa Unidade de Competencia correspondente, débese desenvolver seguindo criterios que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación. O seu referente será o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, correspondente ás 26 familias profesionais existentes na actualidade. Precisamente, un dos obxectivos da educación para as persoas adultas consiste en conectar as vías de aprendizaxe: ensino regrado ou non regrado ou a través da experiencia no traballo. O seguinte paso consistiría en adoptar as medidas que correspondan para a **validación destas aprendizaxes** en relación aos cinco niveis de cualificación profesional. Preténdese pois facer un **recoñecemento das competencias globais** adquiridas ao longo da vida: formación, cualificación e emprego dentro do trinomio da aprendizaxe permanente. No seu conxunto refírese aos coñecementos académicos de carácter regrado ou non regrado (competencia técnica), ao saber facer (competencia metodolóxica), ao saber estar (competencia participativa e de relacións interpersoais) e ao saber ser (competencia de personalidade), coa finalidade de facilitar a mellora no mercado laboral e a progresión persoal e profesional.

O PROCESO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS

Mediante este proceso, as persoas con experiencia no mundo laboral ou con formación de carácter non regrado nun determinado perfil profesional poñen en valor esa experiencia e acreditan Unidades de Competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Os efectos desta acreditación son parciais e acumulables e teñen como finalidade a obtención de **Certificados de Profesionalidade** ou **Títulos de Formación Profesional**.

Para participar cómpre **inscribirse nunha convocatoria pública** da Administración. Cada convocatoria ofrece a posibilidade de acreditar Unidades de Competencia dunha ou máis cualificacións do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Coa solicitude hai que axuntar o **historial profesional e formativo** sobre os que faremos fincapé máis adiante. En todo caso, garantirase un servizo aberto e permanente que facilite ORIENTACIÓN e INFORMACIÓN previas, sempre que os demandantes así o requiran. Esta fase non é obrigatoria pero si recomendable. Os responsables dela son os Departamentos de Información e Orientación dos Centros Integrados de Formación Profesional, os Departamentos de Orientación dos Centros de Formación Profesional Regrada e os Orientadores Laborais. Trátase de difundir a información de maneira colectiva e/ou individualizada, unha vez que saia publicada a convocatoria no Diario Oficial de Galicia. As demandas de información pódense atender por vía telefónica, enderezo electrónico, en persoa ou a través de terceiros.



Guías de Ocupacións Profesionais

Para a persoa candidata, os Orientadores/Orientadoras son os primeiros referentes do centro, podendo informar sobre o sistema educativo ou o mercado laboral. Axudan a decidir sobre a conveniencia de inscribirse ou non no proceso, en que Unidades de Competencia do ciclo formativo no que se quere matricular, a documentación a entregar e sitúa o proceso, dentro do proxecto profesional e formativo vital do candidato.

FASES DO PLAN DE ACREDITACIÓN

Unha vez admitida, a persoa candidata participará nun procedemento de acreditación de competencias que se desenvolverá ao longo das seguintes fases:

1. **ASESORAMENTO -obligatorio-** para a recompilación de todas as probas achegadas. Estudo do caso e colaboración na identificación das competencias así como para completar o historial. Reunións de grupo e entrevistas individuais. Tendo en conta os contidos do **cuestionario de autoavaliación e do historial formativo e/ou profesional** da persoa candidata así como o expediente de competencias, o asesor/a identificará e valorará a información profesional achegada e realizará un informe asinado -con carácter orientativo- destinado á Comisión de Avaliación. Neste informe indícarase, dun xeito motivado, se existen ou non evidencias suficientemente xustificadas da competencia da persoa candidata, en cada unha das Unidades de Competencia, indicando así mesmo a **conveniencia de pasar ou non á fase de avaliación**, coas correspondentes indicacións -se procede- da formación complementaria que precisen.
2. **AVALIACIÓN** das competencias profesionais. A comisión de avaliación utilizará os métodos que considere necesarios para **comprobar o exposto na documentación** achegada pola persoa candidata. Estes métodos poden ser, entre outros, a observación directa no posto de traballo, simulacións e probas de evidencia, probas estandarizadas de competencia profesional ou unha entrevista profesional. A comisión de avaliación elaborará para cada persoa candidata un plan individualizado de avaliación acordado con ela, para cada unha das Unidades de Competencia.
3. **ACREDITACIÓN e REXISTRO** das competencias. Unha vez superada a fase de avaliación, a Administración convocante -ben sexa a Consellería de Traballo e Benestar (o titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación) ou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- expedirá unha **acreditación por**

cada unidade de competencia demostrada. Estas acreditacións son **acumulables** para poder optar á obtención dun Certificado de Profesionalidade ou dun Título de Formación Profesional Regrada. O Instituto Galego das Cualificacións será o responsable do rexistro, na Consellería de Traballo e Benestar. O recoñecemento destas acreditacións producirá **efectos de exención** dos módulos formativos asociados ás Unidades de Competencia dos Certificados de Profesionalidade. Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria recoñecerá as Unidades de Competencia acreditadas que producirán **efectos de validación** dos módulos profesionais correspondentes que se establecen en cada Título, segundo a normativa vixente. Estas acreditacións que se expidan incorporaranse ao rexistro autonómico de Unidades de Competencia.

REQUISITOS DE ACCESO E PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO

- Nacionalidade española, cidadanía da Unión Europea ou autorización de residencia en España.
- Ter cumpridos, no momento de realizar a inscrición, **18 anos** para as Unidades de Competencia correspondentes ás cualificacións de nivel I e **20 anos** para as Unidades de Competencia de nivel II e III.
- Ter **experiencia laboral** e/ou **formación relacionada** coas competencias profesionais que se queiran acreditar. Polo menos cómpre xustificar **2 anos de experiencia laboral** cun mínimo de 1.200 horas traballadas nos últimos 10 anos, para as Unidades de Competencia de nivel I. Sen embargo, para os niveis II e III é preciso xustificar como mínimo **3 anos de experiencia**, nos últimos dez anos antes de realizarse a convocatoria, cun mínimo de 2.000 horas.



- Polo que respecta á formación, hai que xustificar polo menos **200 horas** para as Unidades de Competencia de nivel I e **300 horas** para as de nivel II e III, nos últimos 10 anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria.
- As persoas candidatas **non poderán estar matriculadas** nun curso de formación profesional inicial -ordinario ou modular- ou realizando formación profesional para o emprego -ocupacional ou continua- conducente á acreditación das unidades de competencia nas que soliciten a súa inscrición. Tampouco poderán ter completado un

curso de formación profesional inicial nin de formación para o emprego polo cal teñen dereito á acreditación directa das mesmas Unidades de Competencia ou equivalentes ás que se convoquen. Da mesma maneira non poderán estar inscritas noutro procedemento de recoñecemento da experiencia profesional, ou en probas libres para a obtención do Título de Formación Profesional conducente á acreditación das mesmas Unidades de Competencia.

- As persoas maiores de 25 anos que cumpran os requisitos de experiencia laboral ou formativa indicados no punto anterior e que non poidan xustificalos mediante os documentos sinalados, poderán solicitar a súa **inscrición provisional** no procedemento sempre e cando presenten a xustificación da súa experiencia laboral ou das aprendizaxes non formais, mediante algunha proba admitida en dereito.
- No suposto de que soliciten máis persoas que prazas convocadas, existen uns criterios de **baremo de selección**. Terán prioridade as persoas que cumpran os requisitos de acceso pola vía da experiencia profesional. De aí a publicación das listas provisionais e logo, as definitivas de persoas admitidas e excluídas para cada Unidade de Competencia, podendo presentar reclamacións en caso de desacordo.
- Cada participante cubrirá **unha única solicitude**, empregando a aplicación informática subministrada pola Consellería correspondente. Poderá elixir unha ou varias Unidades de Competencia das que se convocan, sempre que estean incluídas nun mesmo ciclo formativo e se desenvolvan nunha mesma sede.
- Para ter dereito a participar nas fases de asesoramento e avaliación, a persoa candidata admitida ao procedemento terá que formalizar o **pagamento de taxas** correspondente á fase de asesoramento (taxa única de 20 euros) e á fase de avaliación (10 euros por cada unha das Unidades de Competencia nas que soliciten a súa avaliación), segundo o establecido nas últimas convocatorias. En todo caso, existen exencións do pagamento para as persoas que figuren como desempregadas así como as que teñan constatada unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA QUE SE REQUIRE

Para acceder ao Plan de Acreditación da experiencia profesional deben achegar xunto á solicitude de inscrición a seguinte documentación:

➤ **Experiencia laboral**

Traballadores e traballadoras asalariados: **vida laboral, contrato de traballo ou certificación da empresa**, onde se reflicta especialmente a duración dos períodos de prestación do contrato, a categoría laboral, a actividade desenvolvida e o período no que se realizou a devandita actividade.

Traballadores e traballadoras autónomos ou por conta propia: **certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social** cos períodos de alta e descrición da actividade desenvolvida así como do intervalo do tempo en que esta se realizou.

Voluntarios ou bolseiros: **certificación da organización** onde se prestou a asistencia facendo constar especificamente as actividades e as funcións realizadas, o ano en que se realizaron e o número total de horas dedicadas a elas.

➤ **Historial formativo**

A xustificación das competencias profesionais adquiridas a través de *vías non formais de formación*, realizarase mediante documento que acredite que a persoa candidata posúe formación relacionada coas Unidades de Competencia que se pretende acreditar.

En cada certificado achegado deberán constar os **contidos e as horas de formación, a entidade que expide o certificado e o título da actividade de formación**. No caso de ter realizados estudos parciais para a obtención dun título oficial ou certificado de profesionalidade pertencente a plans de formación extinguidos, débese presentar o correspondente certificado expedido polo centro oficial responsable.

OBSERVACIÓN: deberase acompañar necesariamente a **tradución oficial** de todos os documentos que non estean redactados nas linguas galega ou castelá.










VANTAXES DA ACREDITACIÓN OFICIAL

- ✓ Carácter oficial e **validez** en todo o territorio do Estado.
- ✓ Recoñecemento e posta en valor da experiencia laboral para **facilitar a empregabilidade e a mobilidade no mercado de traballo**, así como o desenvolvemento persoal e profesional.
- ✓ Motivación e orientación para a **aprendizaxe ao longo da vida e a mellora da cualificación**, con propostas dun plan de formación propio que permita completar ou incrementar as competencias profesionais.

CONVÉN TER CLAROS CERTOS ASPECTOS

- O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ordena as cualificacións susceptibles de recoñecemento e acreditación, identificadas no sistema produtivo en función das competencias apropiadas para o exercicio profesional. Organízanse en Familias Profesionais e Niveis de Cualificación.
- Existen **26 Familias Profesionais**, atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional das ocupacións e postos de traballo:

1)  Actividades físicas e deportivas	2)  Administración e Xestión
3)  Agraria	4)  Artes e artesanía
5)  Artes gráficas	6)  Comercio e márketing
7)  Edificación e obra civil	8)  Electricidade e electrónica
9)  Enerxía e auga	10)  Fabricación mecánica
11)  Hostalería e turismo	12)  Industrias extractivas
13)  Imaxe e son	14)  Imaxe persoal

15)  Industrias alimentarias	16)  Informática e comunicacións
17)  Instalación e mantemento	18)  Madeira, moble e cortiza
19)  Marítimo-pesqueira	20)  Química
21)  Sanidade	22)  Seguridade e medio ambiente
23)  Servizos socioculturais e á comunidade	24)  Téxtil, confección e pel
25)  Transporte e mantemento de vehículos	26)  Vidro e cerámica

- Os **Niveis de Cualificación Profesional da Unión Europea** son cinco. En función do grao de coñecemento, iniciativa, autonomía e responsabilidade necesaria para realizar unha determinada actividade laboral. Así, o **Nivel I** está relacionado coas competencias en actividades simples, correspondéndose cos Programas de Cualificación Profesional Inicial ou a Formación Profesional Básica. O **Nivel II** (Técnico de FP / Grao Medio), cando se adquire a capacidade de utilizar instrumentos e técnicas propias. O **Nivel III** (Técnico Superior / FP de Grao Superior) refírese á adquisición de competencias en actividades con dominio de técnicas. Os **Niveis IV e V** son os equivalentes aos Estudos de Grao e Posgrao Universitarios (competencias nun conxunto de actividades complexas ou moi complexas con autonomía).
- A acreditación de competencias **non conduce directamente ao Título de Formación Profesional**. Así mesmo, esta acreditación non é sinónimo dun exame nin dun curso. É un proceso individualizado.
- **Unha Unidade de Competencia** (agregado mínimo de competencias profesionais) **non é o mesmo que un Módulo de Formación Profesional**. Na meirande parte dos casos é preciso acreditar máis dunha destas unidades de competencia para validar por un módulo profesional.
- O **Certificado de Profesionalidade** adquirese trala acreditación das competencias profesionais correspondentes, non sendo requisito obrigatorio o estar en posesión das competencias clave ou estudos semellantes. Tamén se pode obter o Certificado de Profesionalidade sen acreditar todas as competencias pero, con este itinerario hai que completar coa **formación profesional para o emprego** (ocupacional ou continua). De todos os xeitos, para acceder a esta última formación si que é preciso ter acreditadas as competencias clave ou contar cos requisitos académicos equivalentes.
- O **Título de Formación Profesional** pódese conseguir coa acreditación de competencias sempre que se complete con outra vía (ordinaria, modular, FP a distancia, probas libres) para aqueles módulos non asociados a Unidades de Competencia (Formación e Orientación Laboral e Empresa e Iniciativas Emprendedoras). Por suposto, é preceptivo contar cos requisitos de acceso aos Ciclos Formativos de Grao Medio ou Superior (segundo proceda).

- Ás persoas candidatas que completen os requisitos para a obtención dun Certificado de Profesionalidade ou dun Título de Formación Profesional, indicaráselles os **trámites** necesarios para a súa obtención.

PÁXINAS WEB E REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- <http://www.edu.xunta.es/fp/acreditacion>
- [tp://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese?content=topic_0146.html](http://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese?content=topic_0146.html)
- *Lei 5/2002 do 19 de xuño* (BOE do 20) das Cualificacións e da Formación Profesional.
- *Real Decreto 1224/2009 de 17 de xullo*, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
- *Resolución do 25 de febreiro de 2019 da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral* (DOG / 4 de marzo) -Consellería de Economía, Emprego e Industria- pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación.
- *Orde do 23 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade* (DOG / 14 de xaneiro de 2021) pola que se realiza a convocatoria pública para o **ano 2021** do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas Unidades de Competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (Código de procedemento TR305A).
- *Orde do 29 de novembro de 2019 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional* (DOG / 12 de decembro de 2019) pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

PUNTOS DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN

- >>> Departamentos de Información e Orientación Profesional dos CIFP.
- >>> Departamentos de Orientación dos IES que imparten Formación Profesional.
- >>> Equipos de Orientación Específicos.
- >>> Fundación Galega de Formación para o Traballo.
- >>> Instituto Galego das Cualificacións.
- >>> Oficinas de Servizo Público de Emprego de Galicia.
- >>> Subdirección Xeral de Orientación Profesional e Relación con Empresas.
- >>> Xefaturas Territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade e nos seus centros propios de Formación Profesional Ocupacional.

* * *